

# **CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS**

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE DO MUNICIPIO DO BARCO DE VALDEORRAS**

### **(TEXTO CONSOLIDADO)**

Mediante acordo do 29 de marzo de 2016, a Asemblea do Consorcio de Augas de Valdeorras aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable do municipio do Barco de Valdeorras.

Unha vez sometida a información pública a dita modificación, mediante anuncio inserido no BOP n.º 80, do 8 de abril, durante o prazo de 30 días hábiles, non se formulou ningunha reclamación ou suxestión contra a dita modificación, polo que queda aprobada definitivamente. Publícase a continuación o seu texto consolidado, tras a modificación proposta.

#### **Artigo 1. Fundamento legal**

Esta ordenanza fiscal apróbase no exercicio das potestades normativa e tributaria recoñecidas pola lexislación vixente ao Consorcio de Augas de Valdeorras, e no exercicio das facultades delegadas por acordo do Pleno de Concello do Barco de Valdeorras, do 19 de novembro de 2012, de conformidade co disposto nos artigos 6.2.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, 20.4 apartado t) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e na disposición adicional cuarta da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

#### **Artigo 1 bis. Obxecto e ámbito de aplicación**

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación das taxas do servizo municipal delegado de abastecemento domiciliario de auga potable do Barco de Valdeorras.

Non obstante o anterior, a regulación contida na presente ordenanza respecto das taxas de instalación de contadores, conservación e mantemento de contadores, inspección de instalacións, desprecintado de instalacións e verificación e precintado de contadores, execución de acometidas de abastecemento, execución de acometidas conxuntas de

## **CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS**

abastecemento e saneamento, execución de cometidas provisionais de abastecemento e subministración de contadores e arquetas de rexistro para contadores será igualmente de aplicación no resto de municipios integrantes do Consorcio de Augas de Valdeorras, nos supostos nos que os concellos deleguen no Consorcio a prestación dos servizos aos que corresponden as ditas taxas e o establecemento e ordenación destas últimas.

### **Artigo 2. Relación das taxas do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable que se establecen. Definición do feito impoñible en cada taxa**

Establécense as seguintes taxas respecto das diversas prestacións que comprende o servizo de abastecemento domiciliario de auga potable:

a) Taxa por abastecemento: constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación do servizo de subministración domiciliaria de auga potable, comprendendo a súa captación, tratamento, depósito e distribución ata os domicilios ou locais comerciais e industriais.

b) Taxa por instalación de contadores: constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación do servizo de instalación dos contadores. Esta taxa non inclúe a subministración do contador homologado a instalar (que poderá ser adquirido polo usuario, axustándose ás especificacións técnicas que se establezan) nin a instalación nos supostos de substitución de contadores avariados, que se financia con cargo á taxa de conservación de contadores.

c) Taxa pola conservación e mantemento de contadores: constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación dos servizos de conservación e mantemento dos contadores, incluíndo a reparación e substitución dos contadores avariados ou en mal estado, sempre que a avaría ou mal estado do contador non sexa imputable ao interesado.

d) Taxa pola inspección de instalacións, desprecintado de instalacións e verificación e precintado de contadores: constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación, de xeito illado ou en unidade de acto, dos servizos de inspección de instalacións, desprecintado de instalacións en supostos de corte da subministración ordenada pola administración xestora por causa imputable ó usuario e/ ou verificación e precintado de contadores con carácter previo á súa posta en funcionamento.

e) Taxa por execución de acometidas domiciliarias de abastecemento: constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación do servizo de execución das acometidas de abastecemento e conexión ao servizo.

## **CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS**

f) Taxa por execución de acometidas conxuntas de abastecemento e saneamento: constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo de execución conxunta das acometidas de abastecemento e saneamento e conexión aos respectivos servizos.

Esta taxa aplicarase en todos os supostos nos que, polas características do inmovible, sexa posible a execución conxunta, nunha mesma gabiá, das acometidas dos dous servizos.

g) Taxa por subministracións de auga de carácter temporal: constitúe o feito imponible desta taxa a subministración de auga, con carácter temporal, para a execución de obras na vía pública, realización de eventos ou para o servizo de instalacións desmontables debidamente autorizadas.

h) Taxa por execución de acometida provisional de abastecemento para subministracións temporais de auga: constitúe o feito imponible da taxa a execución de acometidas provisionais para a subministración temporal de auga para a execución de obras na vía pública, realización de eventos ou para o servizo de instalacións de carácter desmontable debidamente autorizadas.

i) Taxa por subministración de contadores e arquetas de rexistro para contadores: constitúe o feito imponible da taxa a entrega en propiedade ao usuario dun contador homologado ou dunha arqueta de rexistro para o contador.

Ao abeiro do disposto nos artigos 20.1.B).a) e 20.4.t) do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, declárase obrigatoria, para os usuarios do servizo de abastecemento, a recepción dos servizos a que se refiren os apartados b), c), d), e), f) e h).

### **Artigo 3. Suxeito pasivo**

Son suxeitos pasivos da taxa regulada na presente ordenanza fiscal, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que ocupen os bens inmovibles aos que se presten os servizos de subministración de auga potable.

Terán a consideración de substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas e locais ás que se preste o servizo de subministración de auga potable, que poderán repercutir as cotas nos respectivos beneficiarios.

## **CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS**

Para estes efectos, cando existan contribuíntes que non teñan a condición de propietarios, a administración tributaria só formulará liquidación a estes contribuíntes se os propios interesados lle comunican de xeito fidedigno esta circunstancia antes da aprobación dos padróns fiscais correspondentes. En caso contrario, a taxa liquidaráselle ao substituto do contribuínte.

No caso do servizo de subministración temporal de auga, considerarase contribuínte ao titular da licenza municipal da obra, instalación ou evento ao que se dea servizo ou, de ser o caso, á persoa que formulase a comunicación previa ou declaración responsable correspondente.

### **Artigo 4. Devindicación**

1. A taxa por abastecemento devindicarase, nacente a obriga de contribuír, cando se produza a alta no servizo de abastecemento, e igualmente cando, sen terse producido esa alta, se reciba materialmente o servizo de subministración de auga, sen prexuízo das responsabilidades a que poida dar lugar á recepción irregular deste servizo.

2. A alta no servizo de subministración producirase a instancia de parte, coa instalación do contador nas condicións técnicas que se establezan na ordenanza reguladora do servizo ou, no seu defecto, mediante resolución da administración xestora do servizo.

3. Nos supostos en que se subministrase efectivamente auga sen que exista alta autorizada no servizo, liquidarase a taxa correspondente ao consumo de auga realmente realizado, sempre que este conste, así como a cota fixa do servizo polo tempo en que constase que este se veu prestando, sen prexuízo da incoación de expediente sancionador ou do exercicio das accións xudiciais ou administrativas que correspondan.

4. A taxa polo servizo de conservación e mantemento de contadores devindicarase conxuntamente coa taxa por abastecemento.

5. As taxas polos servizos de inspección de instalacións, desprecintado de instalacións e verificación e precintado de contadores devindicaranse no momento da prestación efectiva dos servizos sinalados.

## **CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS**

6. A taxa por instalación de contadores devindicarase conxuntamente coa taxa de abastecemento ao solicitar a alta no servizo por vez primeira, sempre que sexa necesaria a instalación dun contador.

Devindicarase igualmente esta taxa cando se solicite a instalación dun novo contador, nos supostos en que non proceda a súa substitución con cargo ao Consorcio por ser a causa da avaría ou mal estado imputable ao solicitante. Non se procederá á instalación do contador sen o previo aboamento da taxa.

7. As taxas por execución de acometidas devindicarase no momento da solicitude. Non se procederá á execución da obra sen o previo aboamento da taxa.

8. A taxa por subministración temporal e execución de acometidas provisionais devindicarase no momento da solicitude do servizo. Serán de aplicación a esta taxa as mesmas normas que para a taxa xeral de abastecemento.

9. A taxa por subministración de contadores devindicarase coa solicitude do contador. Non se procederá á súa entrega sen o aboamento previo da taxa.

### **Artigo 5. Cota tributaria**

1. A cota tributaria da taxa de abastecemento estará integrada polas seguintes tarifas:

a) Tarifas fixas do servizo por modalidades de consumo:

Consumo doméstico: 4,11 €/trimestre

Consumo comercial: 5,49 €/trimestre

Consumo industrial: 6,86 €/trimestre

b) Tarifas variables por tramos e modalidades de consumo:

Consumo doméstico:

- De 0 a 20 m<sup>3</sup>: 0,18287 €/m<sup>3</sup>

- M<sup>3</sup> que exceda de 21 e ata 40 m<sup>3</sup>: 0,32002 €/m<sup>3</sup>

- M<sup>3</sup> que exceda do consumo de 40 m<sup>3</sup>: 0,54861 €/m<sup>3</sup>

Consumo comercial:

## **CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS**

- De 0 a 20 m<sup>3</sup>: 0,32002 €/m<sup>3</sup>

- M<sup>3</sup> que exceda do consumo de 20 m<sup>3</sup>: 0,58539 €/m<sup>3</sup>

Consumo industrial:

- De 0 a 20 m<sup>3</sup>: 0,36574 €/m<sup>3</sup>

- M<sup>3</sup> que exceda do consumo de 20 m<sup>3</sup>: 0,64005 €/m<sup>3</sup>

c) Tarifa fixa por conservación e mantemento de contadores:

Doméstico: 1,38 €/trimestre

Comercial e industrial: 2,38 €/trimestre

d) Tarifa da taxa polos servizos de inspección de instalacións, desprecintado de instalacións e verificación e precintado de contadores: 20,64 euros por instalación que sexa obxecto do servizo.

e) Tarifa da taxa de instalación de contadores:

e.1) Por instalación de contador de 15 mm de diámetro: 24,71 euros.

e.2) Por instalación de contador de 20 a 25 mm de diámetro: 36,81 euros.

e.3) Por instalación de contador de 30 a 40 mm de diámetro: 42,84 euros.

f) Tarifa da taxa de acometidas de abastecemento:

f.1) Acometida de abastecemento con escavación e sen reposición de pavimentos nin arqueta de rexistro:

- Ata 1 polgada de diámetro e 3 ml de lonxitude: 344,40 €, e 65,93 € por cada ml ou fracción adicional ata 6 ml.

- Ata 2 polgadas de diámetro e 3 ml de lonxitude: 404,90 €, e 67,95 € por cada ml adicional ou fracción ata 6 ml.

f.2) Reposición de pavimento pola execución de acometida de abastecemento:

- Reposición do pavimento: 76,02 €/ml.

f.3) Execución de arqueta de rexistro para acometida de abastecemento:

## **CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS**

- Execución de arqueta: 239,22 €/ud.

g) Tarifa da taxa de acometida conxunta de abastecemento e saneamento:

g.1) Acometida conxunta de abastecemento e saneamento con escavación e sen reposición de pavimento nin arquetas e pozos de rexistro:

- Ata 160 mm de diámetro (Saneamento) 1 polgada de diámetro (abastecemento) e 3 ml de lonxitude (ambas as redes): 540,80 €, e 113,56 € por cada ml adicional ou ata 6 ml en calquera das dúas redes ou en ambas as dúas.

- Ata 250 mm de diámetro (saneamento) 2 polgadas de diámetro (abastecemento) e 3 ml de lonxitude (ambas as redes): 637,60 €, e 119,61 € por cada ml adicional ou fracción ata 6 ml en calquera das dúas redes ou en ambas as dúas.

g.2) Reposición de pavimentos por execución de acometida conxunta de abastecemento e saneamento:

- Reposición de pavimento: 76,02 €/ml.

g.3) Arqueta de rexistro para abastecemento ou saneamento en acometida conxunta de abastecemento e saneamento:

- Execución da arqueta de rexistro: 239,22 €/ud.

g.4) Pozo de rexistro de saneamento en acometida conxunta de abastecemento e saneamento:

- Execución de pozo de rexistro: 360,22 €/ud.

h) Tarifas da taxa por autorización de subministración temporal de auga para obras na vía pública, eventos ou instalacións desmontables e execución da correspondente acometida provisional sobre boca de rega:

- Aplicaranse as mesmas tarifas que no servizo ordinario de subministración, tanto a tarifa fixa de cota de servizo como as tarifas variables por consumo e a tarifa fixa por conservación e mantemento de contadores, rateándose as ditas tarifas en proporción ao tempo que dure a subministración temporal.

- Acometida provisional sobre boca de rego: 53,78 €.

## **CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS**

i) Tarifas por subministración de contadores e arquetas de rexistro para os contadores:

- Contador de 15 mm de diámetro: 46,73 €/unidade
- Contador de 20 mm de diámetro: 64,37 €/unidade
- Contador de 25 mm de diámetro: 132,98 €/unidade
- Contador de 30 mm de diámetro: 171,41 €/unidade
- Contador de 40 mm de diámetro: 243,36 €/unidade
- Arqueta estándar: 121 €/unidade
- Armario exterior de formigón: 121 €/unidade
- Armario exterior de poliéster: 121 €/unidade

2. Ás tarifas aplicaráselles o IVE correspondente, conforme coa normativa tributaria vixente.

### **Artigo 6. Normas de xestión tributaria**

1. As taxas de abastecemento e conservación e mantemento de contadores xestionaranos de oficio a Administración tributaria, a partir dun padrón que se formará trimestralmente, aprobándose mediante resolución do órgano competente. O padrón recollerá os seguintes datos, para cada feito imponible do que a administración teña constancia:

a) Nome ou razón social e número de identificación fiscal do suxeito pasivo. Farase constar a identificación do titular do inmovible como contribuínte, agás no caso de que a Administración tributaria teña constancia de que o contribuínte é unha persoa diferente, en cuxo caso no padrón figurarán o ocupante ou usuario como contribuínte e o titular do inmovible como substituto do contribuínte.

b) Identificación do inmovible ó que se presta o servizo.

c) Data de devindicación da taxa e período impositivo.

d) Cota tributaria líquida, determinada polas tarifas aplicables conforme coa presente ordenanza.



## **CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS**

e) Prazos para o pagamento voluntario da taxa, que en ningún caso será inferior a dous meses.

2. O padrón será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello do Barco de Valdeorras, quedando exposto durante un prazo dun mes contado a partir da publicación no boletín. As modificacións, altas e baixas que se produzan ao longo do exercicio tributario incorporaranse ao padrón mediante resolución do órgano competente da Administración tributaria, que será obxecto de notificación individualizada aos interesados, sen prexuízo da súa publicación.

No suposto de interesados que sexan incluídos por primeira vez no padrón, procederase ademais á notificación individualizada da súa inclusión, cos datos da liquidación correspondente.

3. Os interesados terán a obriga de comunicar á Administración calquera feito con transcendencia tributaria susceptible de modificar os datos do padrón, sen que sexan admisibles as reclamacións pola falta de modificación dos padróns cando esta teña como causa o incumprimento polo interesado da súa obriga de comunicar os cambios producidos e, en todo caso, cando estes non fosen coñecidos pola Administración tributaria.

4. A facturación da taxa realizarase mediante a emisión dos correspondentes recibos, que serán comunicados aos interesados para os efectos puramente informativos. A comunicación dos recibos non terá o carácter de notificación da liquidación tributaria, que se entenderá realizada mediante a publicación do padrón correspondente ou mediante a notificación dos actos de modificación puntual do dito padrón.

5. Nos supostos en que o suxeito pasivo contribuínte da taxa non sexa o titular do inmovible ao que se presta servizo, a facturación realizarase directamente aos ocupantes ou usuarios, sen que teña lugar a substitución do contribuínte, sempre que concorran os seguintes requisitos:

a) Que se solicite conxuntamente polo propietario e o ocupante ou usuario, achegando o título xurídico que lexítima o uso ou ocupación.

b) Que o sistema de pagamento sexa a domiciliación bancaria dos recibos.

## **CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS**

En ausencia destes requisitos, ou cando deixen de producirse, a facturación realizarase ao propietario, na súa condición de substituto do contribuínte. En particular, nos supostos de non pagamento en período voluntario polo contribuínte, a Administración tributaria poderá proceder á modificación do padrón correspondente, excluindo ao contribuínte do padrón, no que só figurará o substituto do contribuínte con efectos da data da modificación.

6. As taxas polos servizos de instalación de contadores, inspección de instalacións, desprecintado de instalacións e verificación e precintado de contadores, subministración de contadores e arquetas de rexistro para contadores e execución de acometidas esixiranse en réxime de autoliquidación, que será formulada polo interesado coa súa solicitude, e sen prexuízo da posibilidade de rectificación da autoliquidación por parte da Administración tributaria, conforme á lexislación aplicable.

7. O pagamento das taxas por abastecemento e conservación e mantemento de contadores realizarase exclusivamente mediante domiciliación bancaria. A tal efecto, nos recibos incluírase o correspondente documento de domiciliación.

8. Para todos os efectos, entenderase como domicilio de notificación de cada recibo o domicilio fiscal do contribuínte ou do seu substituto, conforme coa lexislación tributaria vixente.

9. No non previsto nesta ordenanza, a inspección e recadación da taxa rexeráse polo establecido na lexislación tributaria vixente que resulte de aplicación.

### **Disposición adicional**

Para os efectos da presente ordenanza entenderase por Administración tributaria e por Administración xestora do servizo a que, en cada momento, exerza as competencias correspondentes, sexa como competencias propias ou por delegación.

### **Disposición final**

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no BOP e transcorra o prazo a que se refire o artigo 70.2, en relación co 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

## **CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS**

DILIXENCIA: para facer constar que o presente documento recolle o texto vixente da Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable do municipio do Barco de Valdeorras, conforme foi publicado no Boletín Oficial da Provincia n.º 129, do luns, 6 de xuño de 2016.